

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 6 de febreiro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e cincuenta minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 23 de xaneiro de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Visto o escrito presentado por **don Francisco Javier García Alejos** solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro 45 2ºB , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 26-12--2023 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **dona Graciela Fernández Rodríguez** solicitando acometida de auga en San Paio 2 , 1ºA , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 25-1-2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **don Juan Sotelo Lorenzo** solicitando acometida de auga en Rúa José María Martínez Vázquez 4-1º , no que prega se lle autorice a correspondente

acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 1-2--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don **Arístides Veleiro Rodríguez** solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro 45 3º F , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 31-1--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don **Daniel Alejandro Pelozo** solicitando acometida de auga en Rúa Eladio Rodríguez 10 2ºA , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 1-2--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Escrito presentado por don Brais Fidalgo Martínez, concelleiro de Ribeiro en común, no que expón:

En relación co mal estado no que se atopan moitos espazos públicos de Ribadavia.

E solicita:

1º. Que se proceda a retirada de refugallo de obra situado no parque do Campo da Feira, algo que levamos reclamando desde o comezo da lexislatura pasada.

2º. Que se repoñan e reforcen as sinais caídas ou en perigo de caer no Parque Campo da Feira.

3º. Que se recollan follas, e se coiden as arbores do parque Campo da Feira. Recordamos que isto foi solicitado en varias ocasións.

4º. Que se desbroce e limpa de lixo o paseo urbano do río Avia, entre as dúas pontes.

5°. Que se sinalen ben os pasos de peóns da rúa Progreso, que se lle reitere a AXI da Xunta a necesidade de mellorar o seu pavimento.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

##### **TOMA DE COÑECEMENTO DE ACORDO DE COLABORACIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento de Acordo de colaboración entre o Concello de Ribadavia e os centros de Fisioterapia (Fisioavia S.C., Fisioterapia Corpore e Fisioterapia Sibila) para asistencia a persoal do servizo de axuda no fogar.

##### **APROBACION DE PREZO PUBLICO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes acorda:

1.- Fixar o prezo público dun xantar popular de Entroido, que se celebrará o vindeiro 13 de febreiro de 2024 as 14:30 na Alameda de Ribadavia, do seguinte xeito:

Adultos: 20 euros.

Nenos/as (ata 16 anos): 10 euros.

2.- Darlle publicidade a este acordo mediante anuncio na paxina web do Concello e no taboleiro de edictos do concello.

##### **CESION DE DEREITOS DE COBRO**

Vista a solicitude de Galcaevents S.L. relativo a de cesión de dereito de cobro de factura núm. GC 02, de data 31/01/2024 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Dado que a factura foi efectivamente presentada e rexistrada nesta Entidade local cos datos que na mesma sinálanse.

Que á citada solicitude acompañalle a correspondente aceptación da cesión por parte da Mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Visto que o artigo 200 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 establece que “Os contratistas poderán ceder o seu dereito de cobro fronte á Entidade local”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Tomar coñecemento da cesión do dereito de crédito de factura núm. GC 02, de fecha 31/01/2024 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

2º.- Notificar o presente acordo o cedente, cesionario e os servizos de Intervención e Tesourería municipal.

**APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2024 por importe de 227.030,26 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 20 de Febreiro e o 20 de Abril de 2024.”

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes convenios:

-Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Ribeiro de Avia para a utilización das instalacións deportivas municipais e a promoción da disciplina de fútbol-sala no concello de Ribadavia.

-Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Escola Balonman Ribadavia para a utilización das instalacións deportivas municipais e a promoción da disciplina de balonman no concello de Ribadavia

-Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Mizukami Escuela de Karate Shotokan para a utilización das instalacións deportivas municipais e a promoción da disciplina de karate no concello de Ribadavia

-Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Agrupación Deportiva Escolar O Ribeiro para a utilización das instalacións deportivas municipais e a promoción do deporte en idade escolar no concello de Ribadavia

-Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Asociación Deportiva Cultural Ribeiro para a utilización das instalacións deportivas municipais e a promoción da disciplina de balonman no concello de Ribadavia

A xunta de goberno toma coñecemento do orzamento para a realización da auditoría de abastecemento do concello de Ribadavia presentado por Aqualia por importe de 7.500 euros, IVE non incluído.

**“Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024”.**

O abeiro da ORDE do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas,

dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2023, para o proxecto denominado “NOVA CARPINTERIA EXTERIOR NO ANTIGO MATADOIRO”, por importe de 39.915,61 euros.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 27 de decembro de 2023 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante sistema de xestión compartida.

3º.- Poñer a disposición os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicitase a subvención e declarar a disposición dos informes sectoriais precisos.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.

E sendo as dez horas e quince minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.